

Nº expediente: 695/2024 (relacionado con 171/2024)
Procedemento: Convocatoria e Probas de Selección por Concurso-Oposición (Persoal Laboral Temporal])
Asunto: RISGA_2024 (TR351F 2024/23-5)
Asina: Concelleira de Servizos Sociais e Maiores, Persoal, Igualdade e Benestar animal.

En relación co expediente relativo a Convocatoria e probas de selección de persoal laboral temporal por concurso-oposición, emito a seguinte:

PROPOSTA DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DOUS POSTOS DE PEÓN FORESTAL AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2023 (RISGA) (código de procedemento TR351F) (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante concurso-oposición, de dous postos de peón forestal en base á Resolución da *Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga)* (código de procedemento TR351F) (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

As prazas convocadas ofértanse nas seguintes condicións:

Posto traballo: Peón forestal
Código ocupación: 9543
Nº traballadores: 2
Modalidade contractual: Contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego_Modelo 505
Duración do contrato: 9 meses
Xornada: Parcial_75%
Custos salariais brutos: 992,25 €/mes
Custos Seg. Social: 380,83 €/mes

Darase publicidade á presente oferta de traballo mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello e na seguinte dirección web, www.meis.gal.

SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas aspirantes ao proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ter nacionalidade española ou dalgún país membro da UE.
2. Posuír o título de certificado de escolaridade, equivalente ou superior.
3. Non padecer enfermidade nin estar afectadas por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible coa realización das correspondentes funcións.
4. Non atoparse incursas en causas de incapacidade ou incompatibilidade para contratar co Concello.
5. Non estar separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitadas para o exercicio de funcións públicas.
6. Figurar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o Emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
7. Ter sido preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

TERCEIRA.- SOLICITUDES



Recibidos os/as candidatos/as remitidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia para tomar parte nas probas selectivas, estes serán convocados/as para a acreditación dos criterios de valoración desta convocatoria.

CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES, FIXACIÓN DO COMEZO DOS EXERCICIOS E DA COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL
O Servizo Público de Emprego de Galicia será o encargado de remitir aos/ás posibles candidatos/as que reúnan as condicións da convocatoria.

O sistema de selección será o concurso-oposición. Na fase de concurso valoraranse os criterios reflexados na convocatoria. A fase de oposición consistirá nunha entrevista cos/coas candidatos/as

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal de selección estará integrado por:

Presidente/a: Dna. Ana Rosa Vázquez Pérez, Traballadora Social municipal.

Secretario/a: Dna. Celia Friero Rodiño, Educadora Social municipal.

Vogal: Dna. Oralice Terezinha Silva De Moraes Sarmento, Técnica Superior do Equipo de Inclusión Sociolaboral.

Suplente: D. José Manuel Blanco Sanmartín, Administrativo municipal.

Os membros do Tribunal deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O Tribunal non se poderá constituír sen a asistencia, polo menos do/a presidente/a, do/a secretario/a e dun/ha vogal, ou persoas nas que deleguen.

Todos os membros do Tribunal terán voz e voto.

Abstención ou recusación.- Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da *Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público*, e comunicaranllo á autoridade convocante por medio dun escrito en tal sentido. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal, de acordo co disposto na mesma lei (Artigo 24).

SEXTA.- PROBAS SELECTIVAS

Fase de concurso.- Os criterios de valoración que aparecen reflexados na convocatoria son:

1. Proxecto de inserción laboral:		1,00 puntos
2. Maiores de 45 anos:		1,00 puntos
3. Cargas familiares:	1 fillo	0,25 puntos
	2 fillos	0,50 puntos
	3 fillos	0,75 puntos
	> 3 fillos	1,00 puntos
	Cónxuxe	0,25 puntos
	Maiores incapacitados	0,25 puntos

Entrevista.- O Tribunal realizará unha entrevista que versará sobre a dispoñibilidade, as posibles limitacións físicas, os traballos a realizar, etc, en base á que se poderá outogar un máximo de **3 puntos**.

SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN

A puntuación final será a obtida na valoración dos criterios da convocatoria máis a acadada na entrevista.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas.



OITAVA.- RELACIÓN DE APROBADOS E NOMEAMENTO

Rematadas as probas selectivas o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación, e propondrá, para o seu nomeamento soamente a aqueles/as aspirantes que obtiveran a maior puntuación total, elevando a proposta á Presidenta desta Corporación.

O Tribunal non poderá propoñer a máis persoas aspirantes que prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

NOVENA.- RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS. RÉXIME XURÍDICO

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso. En todo o non previsto nestas bases o proceso selectivo regularase polas seguintes normas: a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a Reforma da Función Pública, modificada pola Lei 23/1988 do 28 de xullo; a Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño sobre procedemento de selección na Administración Local; o RD 364/1995 polo que se aproba o regulamento xeral do ingreso de persoal ao servizo da Administración do Estado.

DÉCIMA.- IMPUGNACIÓN DA CONVOCATORIA E DOS SEUS ACTOS

Poderase recorrer contra esta convocatoria e contra as súas bases mediante a interposición do oportuno recurso. Os actos administrativos derivados da convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

De acordo co preceptuado no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, O Concello de Meis realizará a publicación dos datos persoais dos candidatos e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello (www.meis.gal), ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Os datos de carácter persoal que o interesado facilite serán tratados polo Concello de Meis coa finalidade de selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolvela convocatoria na que participa. A lexitimidade do tratamento basease no consentimento do interesado, e no cumprimento de obrigacións legais polo Concello de Meis. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados a outras administracións ou rexistros públicos, e publicados no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir con a finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de los datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Concello de Meis, Avda. Cambados, 67 Mosteiro, 36637 Meis (Pontevedra) ou na dirección de correo electrónico dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

